



NEKANE FERNÁNDEZ SANTOS

**ACTRIZ, PSICÓLOGA E DOUTORA
EN TEATRO E EXPRESIÓN
CORPORAL**

“O teatro cambioume a vida. Seguía sendo super tímida e moi insegura, pero non imaxinaba o que tiña dentro”.

Nacín na Coruña. O meu pai é de León, a miña nai de Carral. O meu pai tivo que traballar alí unha tempada e foi onde se coñeceron, casaron en dous anos e decidiron vivir na Coruña onde nacemos os meus tres irmáns mais eu.

Lembro que de pequena era moi pasmona, falaba moi pouco e estaba moi pendente do que lle pasaba aos demais, como se tivera unha misión, coidar de todos. Penso que non me daba conta do que me pasaba a min, que creo que era que precisaba que me miraran, que me fixeran máis caso. Quería ser boa para que me quixeran, estudiaba moito e era unha nena moi aplicada.

Se collera agora a esa nena pasmona daríalle unha aperta e diríalle que expresara o que necesitaba ela, a quen fose, que buscara alguén de confianza. Na miña adolescencia seguía sendo moi tímida. E aquí aos 15 anos houbo un acontecemento. Deixei o cole de monxas, que era moi restritivo e no que non nos deixaban xuntar aos nenos cas nenas, a un instituto, Zalaeta, que tiña fama de moi libre e revolucionario. Un cambio moi forte ao que tardei en adaptarme, de feito pasei de sobresaínte a suspender bastantes nas primeiras avaliacións. Volvinme rebelde, no sentido de ir un pouco contra as normas, por exemplo, facía canalladas aos profes ou faltaba a clase para ir xogar ao fútbolín. Penso que o facía para chamar a atención, para sentirme valorada polos meus compañeiros, de

novo non souben pedir o que necesitaba e tiña estes comportamentos dos que logo me arrepentía. Non sabía facelo doutro xeito.

Cando cheguei a COU (Curso de Orientación Universitaria) sabía que quería estudar psicoloxía, por iso de axudar aos demais, pero tamén sentía que me faltaba algo. Non sei se o fixen adrede pero repetín COU con dúas materias. Así que tiña moito tempo libre e decidín probar actividades: ximnasio, clases de guitarra...

Un día ía pola praza de San Agostiño e, de súpeto, vin pegado na parede -lémbrome exactamente desa parede- un cartel no que aparecía unha marioneta de fíos, era dunha escola de teatro: DANTEA no que puña: Teatro e Expresión Corporal. Chamoume moitísimo a atención, pero non tiña nin idea do que era aquilo de Expresión Corporal. Apuntei o enderezo e, pese á miña timidez, achegueime falar co director da escola, Carlos Clemente que, sendo un grande comunicador, convenceume de contado. Á súa vez convencín ao meu pai de que me pagase un curso, en realidade, era unha formación de tres anos.

O teatro cambioume a vida. Seguía sendo super tímida e moi insegura, pero non imaxinaba o que tiña dentro. En teatro descubrín que podía enfadarme e que iso me sentaba ben, descubrín que era divertida, que podía facer rir. E descubrín unha forza que conseguía que por

fin me miraran. Podía sentirme guapa, en fin...

Nunca o imaxinara. Endexamais de nena pensara no teatro co meu carácter introvertido e, mira ti, nunca se sabe.

Empecei a traballar moi pronto con marionetas cun compañeiro da escola e á vez comecei a estudar Psicología. As dúas liñas, Psicología e Teatro empezaron a ir parellas.

Formeime en diferentes estilos e técnicas de teatro, cabaré, clown, improvisación...cada unha amosoume un aspecto de min, aquilo gustábame moito, estar en grupo, expresarme, descubrireme...isto aínda me segue a pasar. Adoro os cursos porque sáeme a vida, redescúbrome, atópome cos demais e sinto moitas cousas.

Logo de anos de traballar con monicreques marchei a Santiago buscarme a vida co teatro, e conseguino. Traballando en diferentes compañías como CDG, Chevere ou Contracontos e tamén fixen algunha serie de televisión.

Logo apareceu a Gestalt que é unha rama da psicología máis vivencial e na que o teatro é un piar importante. Ai! Aquilo mesturaba as dúas miñas paixóns. Máis tarde fixen un doutorado e escribín unha Tese de arquetipos

Teatrais para o coñecemento persoal.

As dúas liñas comezaron a cruzarse, o Teatro e a Psicología. Hoxe son só unha.

Agora son eu a que tamén imparte cursos . E o meu desexo é ensinar ás persoas todo iso que fun aprendendo e investigando. Ensino para diferentes colectivos: nenos, persoas adultas, mulleres vulnerables, etc...e comparto aquilo que descubrín en DANTEA aos 18 anos: o teatro como oportunidade de coñecer os propios dons e talentos. Unha oportunidade de SER e expresar o que levamos dentro, ben sexa para a vida ou para as persoas que lles guste actuar. Ao fin e ao cabo, o teatro é a arte de transmitir o invisible. E faga terapia individual, de grupo ou práctica teatral, sempre teño en conta este cruce de liñas para facer pensar ás persoas en todo o que nin imaxinan levan dentro. E investigar na propia creatividade que lles vai axudar a afrontar dificultades.